


# II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA IES A SANGRIÑA



## BASES

### CATEGORÍAS

As fotografías, realizadas por alumnos do noso centro poderán presentarse en calquera das seguintes categorías:

- **Categoría I:** 1º e 2º ESO.
- **Categoría II:** 3º ESO, 4º ESO, FP Básica e ciclos medios.
- **Categoría III:** 1º BAC, 2º BAC, ciclo superior e alumnado do nocturno.

### TEMA

Será libre, valorándose fundamentalmente o contido matemático, a aplicación didáctica e a calidade plástica da fotografía. Non se admitirán montaxes fotográficos.

### PRESENTACIÓN

As fotografías deberán ser orixinais e entregadas en formato dixital (ficheiros JPG), cun peso de 1 a 3 megas.

Obrigatoriamente, cada fotografía debe ter TÍTULO, que corresponderá co nome do arquivo enviado.

Cada fotografía deberá ir acompañada dun informe detallado con:

- datos de identificación: nome, apelidos, curso.
- título e descrición dos contidos matemáticos.

Poderanse enviar ata 3 fotografías.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballos enviaranse por correo electrónico antes do 28 de febreiro do 2020 á dirección: [matematicasiessangrina@gmail.com](mailto:matematicasiessangrina@gmail.com) co asunto: " II CONCURSO MATEMÁTICO DE FOTOGRAFÍA"

### XURADO

Estará composto por profesores dos departamentos de Matemáticas e Debuxo Técnico.

### PREMIOS

Outorgaranse dous premios para cada categoría.

Os premios consistirán nun diploma e un vale para gastar nalgunha tenda do noso concello.

### CONDICIÓN XERAIS

- Non se poderán presentar fotografías premiadas noutros concursos ou que non sexan orixinais.
- O departamento de Matemáticas resérvase o dereito de expoñer e / ou publicar os traballos presentados en exposicións ou en páxinas web.
- O xurado poderá deixar desertos os premios das distintas categorías.

A participación neste concurso implica a aceptación de todas as condicións.

Departamento de matemáticas

